



# Portos sen fume

Fagámolo entre todos!

# Rede galega de portos sen fume

## Por que un porto sen fume?

Porque...

A creación de espazos sen fume ao aire libre fainos avanzar na liña de cambiar a percepción social sobre o tabaco, convertendo estes espazos en contornos educativos e preventivos.

É importante reforzar o papel modélico positivo dos adultos fronte á infancia e á mocidade. Todos debemos contribuir á labor de desnormalización do consumo de tabaco, co noso posicionamento e as nosas aptitudes fronte ao tabaco.

Non debemos esquecer que o consumo de tabaco é a primeira causa evitable de enfermidade e de morte. Todas as accións encamiñadas, directa ou indirectamente, a sensibilizar á poboación dos riscos do seu consumo, suman para alcanzar unha sociedade libre de tabaco, conseguindo así o noso obxectivo.

Un porto é un lugar onde podemos pasear, desfrutar dá familia, dos amigos, da natureza... nun entorno deportivo, pero mellor...sen fume.

**Obxectivos...** Promoción dunha vida sen tabaco... Desnormalizar o consumo de tabaco... Promover accións que respecten e coiden o medio ambiente... Reforzar o papel modélico positivo dos pais/nais.

## Que é un porto sen fume?

Un porto no que **non se fuma** en todas as zonas ao aire libre que estean dentro dos seus límites. Quedan excluídas da prohibición as zonas ao aire libre dos locais de hostalería situados dentro do porto sempre que cumpran coa normativa vixente.

Ninguén vixía, nin sanciona, pero estás nun espazo declarado libre de tabaco.

## Quen pode participar?

**Todos os portos** que o desexen e se sumen á Rede de Portos sen Fume

## Que teño que facer?

Cubrir e mandar a solicitude de participación

## A que nos comprometemos?

A participación é voluntaria pero pertencer á rede comprometévos a:

Sinalizar o porto cos materiais facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública (bandeira, carteis...).

Sensibilizar aos usuarios e visitantes do porto dos beneficios de vivir sen tabaco, repartindo entre eles os folletos que serán facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública e invitando aos que estean a fumar a deixar de facelo ou, no seu caso, a que o fagan fora do espazo do porto.

## Que gañamos?

Os portos declarados sen fume, serán publicitados nas webs institucionais de sanidade e de portos de Galicia, nos medios de comunicación e en puntos de información turística da nosa comunidade.

A Dirección Xeral de Saúde Pública, comprobará a adecuada sinalización dos portos sen fume.

Por ti e **por todos...**





# Portos sen fume

## Solicitud de participación

Rede galega de portos sen fume (RGPSF)

Encher este formulario e reenvialo a [praiassenfume@sergas.es](mailto:praiassenfume@sergas.es)

D./D.<sup>a</sup>

en representación de porto de

Solicita participar na **Rede galega de portos sen fume** promovida polo Programa de promoción da vida sen tabaco da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, comprometéndose a cumprir cos compromisos adquiridos.

Persoa responsable do proxecto no porto, que será o interlocutor cos responsables da Rede de Portos sen Fume:

Nome e apelidos

Correo electrónico

Nº de teléfono de contacto

Data

Sinatura